



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Análise de custos nas Administracións Públicas. O custo efectivo dos servizos na Administración Local

CONVOCATORIA: Convocatoria LOCAL

GRUPO: Cursos Local

ÁREA: Réxime xurídico e xestión das entidades locais

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	LOCAL	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2017
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/03/2017 - 08:00h ao 30/03/2017 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

A reforma do réxime local instrumentada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local, no seu apartado Trinta e un do artigo primeiro, introduciu un novo precepto, o artigo 116 ter, na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases del Réxime Local, no que se conteñen determinados criterios básicos relativos ao custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais.

Estabelece o mencionado artigo 116 ter que, por Orde do Ministro de Facenda e Administracións Públicas desenvolveranse eses criterios de cálculo e que todas as entidades locais comunicarán os custos efectivos de cada un dos servizos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa publicación.

En cumprimento do anterior, o 6 de novembro de 2014 foi aprobada a Orde Ministerial HAP/2075/2014, de 6 de novembro, pola que se establecen os criterios de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, publicada no «BOE» núm. 270, de 7 de novembro de 2014.

O obxectivo principal deste curso é facilitar o cumprimento do deber de cálculo do custo efectivo dos servizos públicos, de forma práctica, pero analizando ao mesmo tempo o marco conceptual e teórico no que se encadra e que como veremos vén impulsado polo principio de transparencia e calidade.

Para alcanzar este obxectivo é preciso facer referencia ao concepto de servizo público e as súas formas de xestión, así como do marco competencias das entidades locais.

DESTINATARIOS

- 1.- Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia
- 2.- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.

PROGRAMA

- I.- MARCO NORMATIVO. I.1.- Lexislación aplicable. I.2.- Ámbito obxectivo e ámbito subxectivo
- II.- SERVIZOS PRESTADOS POLAS ENTIDADES LOCAIS. II.1.- Concepto de Servizo Público. II.2.- Marco Competencial das Entidades Locais. II.3.- Formas de xestión dos servizos locais.
- III.- MARCO CONCEPTUAL E XURÍDICO DA ANÁLISE DE CUSTOS. III.1.- O DEBER DE CALCULAR E PUBLICAR O CUSTO EFECTIVO DOS SERVIZOS PÚBLICOS LOCAIS. III.2.- EFECTOS NAS FORMAS DE XESTIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS. III.3.- DEBERES NO ORDENAMENTO XURÍDICO DO CÁLCULO DOS SERVIZOS PÚBLICOS.
- IV.- BREVE REFERENCIA Á CULTURA DA AVALIACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICO. OS CONCEPTOS DE TRANSPARENCIA E CALIDADE.
- V.- APLICACIÓN PRÁCTICA DOS CRITERIOS DE CÁLCULO SEGUNDO A ORDE HAP/2075/2014, DE 6 DE NOVIEMBRE. V.1.- MODELOS VIXENTES DE CÁLCULO DE CUSTOS NA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA. V.2.- Os CRITERIOS DE CÁLCULO NA LRBL. A ORDE HASP/20175/2014, DE 6 DE NOVIEMBRE. PRINCIPIOS E DIRECTRICES DE CÁLCULO. V.3.- DEBERES DE INFORMACIÓN.

VI.- CÁLCULO DE CUSTOS DOS DISTINTOS SERVICIOS. VI.1.- CRITERIOS DE CÁLCULO. VI.2.- GUÍA PARA A ELABORACIÓN DO CUSTE EFECTIVO. PROPOSTA METODOLÓXICA.

VII.- RESOLUCIÓN DE SUPOSTO PRÁCTICO DE CÁLCULO DO CUSTO EFECTIVO DOS SERVICIOS PÚBLICOS.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

- 1.- Funcionarios con habilitación de carácter nacional que estean prestando servizos na Administración local ou noutras Administracións públicas de Galicia
- 2.- Persoal ao servizo das entidades locais de Galicia.
- 3.- Criterios xerais da EGAP

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 07/09/2017 a 10/10/2017

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 10/10/2017

DOCENTES NOMEADOS

MARIA FE GONZALEZ MARQUINA

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

AULA 1 (COLMEIRO): O día 05 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 6: O día 21 de setembro de 16:00 a 20:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 8: O día 10 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 12: Os días 07, 14 e 28 de setembro de 16:00 a 20:00. O día 02 de outubro de 16:00 a 19:00. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA